

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADERNE

Convocatoria de selección de socorrista

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN DE SOCORRISTA

Por Decreto n.º 173/2019, do 25/06/2018, resolveuse unha nova convocatoria para a selección dun socorrista, ao quedar vacante a anterior selección, en base ao seguinte:

Por Decreto n.º 147/2019, do 10 de xuño de 2019, o alcalde-presidente do Concello de Paderne resolveu convocar procedemento público para a contratación laboral temporal dun socorrista un período de dous meses e aprobar as bases para a realización do correspondente concurso-oposición.

As bases están a disposición dos/as interesados/as na Axencia de Desenvolvemento Local Municipal e/ou no taboleiro de edictos da Casa Consistorial e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello <https://sede.concellodepaderne.es/gl/>.

É requisito ser candidato/a remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a correspondente Oferta de Emprego presentada na Oficina do SPE de Betanzos.

O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte á data de publicación do presente anuncio no BOP

En Paderne, a 25 de xuño de 2019.

O ALCALDE

D. César Longo Queijo

2019/5117